



METAL

Sec. Sindical PSA PEUGEOT - CITROËN

DE PRESA E CORRENDO

Vigo, 10 de Xuño de 2009

Apesares de estar no prazo legal que nos temos os representantes dos traballadores, para o estudo da documentación, así como das peticións que cada quen fixo acerca do ERE presentado, e que vai destinado para os traballadores/as de maior idade na fábrica, á Dirección correulle demasiada presa e xa presentou ante Autoridade Laboral o Expediente coa aprobación da maioría do Comité.

Estamos a falar do futuro dun colectivo no que figuran traballadores/as que esperaban ver coroada a súa vida laboral cunha xubilación mais que merecida.

A Dirección, nos últimos anos, e apesares da nosa insistencia nunca mostrou o grado de sensibilidade suficiente para coas persoas que acadan esas idades. Lembremos, que dende o momento que se puxo en marcha a Xubilación Parcial, (ano 2002) sempre vimos reivindicando que non descontasen o 15 %. Namentres no Sector do Metal, configurado con empresas pequenas, estes traballadores/as con certa antigüidade non descontan nada, os nosos pre-xubilados practicamente cumpren deica a última xornada, incluso, moitas veces nin tempo lles dan para despedirse dos seus compañeiros/as.

Agora, e despois de suspender a Xubilación Parcial, nos colocan o listón en 380.000 coches a fabricar para poder activar este mecanismo, e namentres ofrécenos o despedido voluntario.

Así, preténdese favorecer o adelgazamento da empresa do persoal fixo, pola vía rápida, é dicir, non queren que estes traballadores poidan acollerse á xubilación parcial e ser substituídos por xóvenes con contrato relevo.

Unha fórmula que se suma ós criterios de non favorecer o emprego, primeiro nos piden que nestes meses fagamos horas de alongamento que lles corresponderían ós Eventuais que votamos a calle para salvar ós fixos, e agora, invitamos ós fixos de maior idade a que se acollan a un ERE.

Respectando que sempre pode haber compañeiros/as interesados/as nas Baixas Voluntarias e polo tanto susceptibles de acollerse a elas, e aquí seguiremos para informarnos, para a **C.I.G.**, a Xubilación Parcial debera coexistir.

Certo é, que a Dirección non quixo esperar pola nosa opinión, pero debe quedarlle claro que a **C.I.G.** non colle trens en marcha e menos para os veteranos.

Confederación Intersindical Galega

www.cigcitroen.com